

ADMISIÓN E MATRÍCULA CICLOS DE GRAO MEDIO E SUPERIOR

CURSO 2024-2025

- *Grao Medio: Xestión administrativa*
- *Grao Superior: Administración e finanzas*

- **Admisión e matrícula no primeiro curso:**

A solicitude de admisión ao primeiro curso é centralizada. Deberá realizarse seguindo as instrucións dispoñibles [nesa páxina web](#) e utilizando o [asistente informático](#)

Tes toda a información do proceso na páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/fp/>

[Instrucións xerais](#) [Oferta de FP](#) [Calendario do proceso de admisión e matrícula](#)

Prazo de presentación de solicitude de admisión: do 24 xuño ás 9:00 ao 4 xullo ás 13:00 horas.

O alumnado con praza garantida por **repetir o 1º curso por primeira vez** no mesmo centro e ciclo, tamén deberá realizar a solicitude de admisión utilizando o [asistente informático](#), marcando no formulario de admisión o seguinte: Repite 1º curso por primeira vez no mesmo centro

A aplicación avisará no caso de que fose necesario achegar documentación, que poderá engadirse en soporte electrónico (jpg, pdf).

Non será necesario presentar o resgardo da solicitude nin a documentación nun centro, **agás** que a aplicación indique que para que sexa unha solicitude válida teña que ser entregada, xunto coa documentación necesaria, nun centro educativo con oferta de FP sostida con fondos públicos para ser selada, datada e validada.

[Como sei se a solicitude está validada?](#)

[Cantas solicitudes teño realizadas?](#)

[Cal é meu código persoal de consulta? \(Para consultar as listaxes\)](#)

Prazo de presentación da solicitude de matrícula: a matrícula das persoas **admitidas** formalizarase no centro no prazo establecido no [calendario](#)

- **Matrícula no segundo curso:**

A solicitude matrícula no segundo curso non é centralizada. O alumnado con praza garantida por **pasar de 1º a 2º curso** ou **repetir 2º** por primeira vez no mesmo centro e ciclo deberá cubrir e entregar asinado no centro o ANEXO I ([formulario de matrícula](#)) xunto co resto da documentación necesaria para formalizar a matrícula.

Prazo de presentación da solicitude de matrícula: do 24 xuño ás 9:00 ao 4 xullo ás 13:00 horas.

- **Documentación para formalizar a matrícula:**

1. [Formulario de matrícula \(ANEXO I\)](#) cuberto e asinado.
2. Catro fotografías de tamaño carné co nome e apelidos escritos por detrás.
3. Copia do DNI do alumno/a.

4. Só alumnado menor de 28 anos: resgardo de pagamento de seguro escolar (1,12 euros a ingresar mediante transferencia ou en caixeiro de ABANCA, nº de conta **IBAN ES05 2080 0048 2130 4000 5264**)

- **Lugar de presentación:**

O **formulario de matrícula asinado** e o resto da documentación pódense entregar en **Secretaría** do centro nos prazos establecidos.